

A. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO.

1. EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

B. A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

1. EDUCACIÓN INFANTIL

A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave. As competencias clave son as seguintes:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Na etapa educación infantil os nenos e nenas están iniciándose no uso da linguaxe. A linguaxe vai marcar significativamente o seu desenvolvemento. Dada a importancia que ten, esta aprendizaxe é o noso día a día nas aulas e nos distintos espazos educativos. A través das asembleas, poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partir de coñecementos, destrezas e actitudes que se vaian adquirindo.

Esta competencia é traballada nas asembleas que son “o corazón” das nosas aulas. No PELO (Programa de Estimulación da Linguaxe Oral) momento da nosa xornada onde as mestras traballamos aspectos como os puntos e modo de articulación, recoñecemento e reprodución de sons, xestos, ximnasia facial e bucofonatoria.

O **proxecto lector e plan de lectura**, así como parte da formación anual do profesorado xira entornado a este eixo tan importante no noso centro. A Biblioteca escolar considérase o eixe vertebrador de gran parte do traballo do centro. Tamén destacar a participación no proxecto das mochilas viaxeiras e as mochilas viaxeiras da igualdade promovendo o fomento pola lectura e a igualdade e non discriminación convidando as familias a ler e desfrutar dunha selección de libros cos seus fillos/as.

CP-Competencia plurilingüe.

As rutinas marcan o noso día a día. Partindo da asemblea, que é o momento máis importante da xornada na que se abordan múltiples contidos, tamén traballaremos os textos, con rótulos, letreiros... Partindo do seu nome, que é o texto máis importante e motivador para os pequenos, deseñamos actividades en ambas linguas cooficiais para que adquiran coñecemento de ambas, pero partindo sempre da súa lingua materna.

STEM -Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

Nun contexto suxectivo e divertido estimúlase a curiosidade, xa de por si presente no noso alumnado. Así a través do Recanto de Lóxica - Matemática traballamos aspectos como a funcionalidade dos números, a súa presenza no entorno (calendario, axenda, lista, buses...) aproveitamos para traballar a serie numérica, clasificacións, asociacións, medicións...Tamén levamos a cabo xogos de cálculo mental. O método científico, observación, experimentación, formulación de hipóteses... a través do Recanto de Experimentos existente nas aulas ou en espazos comúns (hall).

CD-Competencia dixital.

Somos conscientes de que o noso alumnado ten unha bagaxe nesta competencia, son nativos dixitais.

Nas nosas aulas os nenos e nenas traballan coas ferramentas dixitais: Encerado dixital e **Recanto** das TICs. Utilizamos os recursos dixitais durante as asembleas. Ofrecemos ao noso alumnado un uso controlado e axeitado nas ferramentas, así usamos as tablets para buscar información e reforzar aspectos/contidos traballados nas aulas.

Achegamos ao noso alumnado ao mundo da robótica onde xogamos e aprendemos nun entorno virtual podendo utilizar a Aula Maker do centro.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A escolarización nesta etapa supón descubrimento dunha contorna diferente á familiar o que lles permite aprender en sociedade polo que é fundamental atender a súas emocións e sentimentos para acompañalos no desenvolvemento de actitudes de comprensión, empatía, cooperación...así como fomentar estratexias que lles axuden a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía.

O noso traballo en gran- grupo e en pequenos grupos nos **recantos** fai posible observar, atender e actuar nas interaccións sociais do noso alumando así como as súas características e necesidades individuais. A convivencia en espazos comúns con outros grupos aula favorece as relacións cun trato cálido e cunha visión de grupo- escola.

A metodoloxía baseada no traballo por proxectos e en recantos, fai protagonista ao alumando da súa aprendizaxe polo que a motivación está garantida e a funcionalidade da aprendizaxe é a nosa guía.

CC-Competencia cidadá.

Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Nas nosas aulas propiciamos momentos de debate e toma de decisións onde os nenos e nenas teñen que votar e manifestar a súa opinión, así como facer proposicións. A nosa metodoloxía en grupos cooperativos e heteroxéneos fai posible traballar diferentes roles onde a

representación do grupo e o traballo conxunto é o único que nos leva ao éxito da tarefa.

CE-Competencia emprendedora.

O alumnado, a medida que crece e mais partícipe na vida do centro. Nesta etapa os nenos e nenas son observadores pero esta observación é a que con leva ao modelaxe.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Participamos nas conmemoracións facendo as nosas aportacións ás exposicións. Traballos sobre a tradición histórica e cultural da zona para realizar exposicións e favorecer a educación intercultural.

Participamos tamén en actividades culturais propostas polo concello como teatro, visitas da mascota das bibliotecas de Culleredo (dragona Ramona)... Andainas por roteiros para coñecer a nosa contorna (roteiro dos muíños). As familias son sempre benvidas na nosa aula a contar contos e os avós a contar historias da súa infancia.

2. EDUCACIÓN PRIMARIA

As competencias conceptualízanse como un "saber facer" que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias e a vinculación deste coas habilidades prácticas o destrezas que as integran.

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

Isto implica que os coñecementos non se aprenden á marxe do seu uso, así como tampouco se adquire unha destreza en ausencia do coñecemento que permite dar sentido á acción que se leva a cabo.

O desenvolvemento das competencias clave abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinario. As competencias que debemos desenvolver son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL). O proxecto lector e plan de lectura, así como parte da formación anual do profesorado xira entorno a este eixo tan importante no noso centro. A Biblioteca escolar considérase o eixe vertebrador de gran parte do traballo do centro.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e inxeniería (STEM). Contribuímos a traballar esta competencia con metodoloxías activas nas que se emprega o razoamento matemático en situacións da vida cotiá, o traballo na aula maker, obradoiros variados...

- Competencia dixital (CD). Centro E-DIXGAL, con dotación de material TIC en todas as aulas, PREDIXGAL en 4º de primaria, AULA MÓBIL en 3º e portátiles para un recanto en cada clase do 1º ciclo, Area STEAM.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) O traballo por proxectos nas aulas buscan o obxectivo de que o alumnado aprenda a buscar, tratar e transmitir a información. Valoramos o sentido da aprendizaxe como unha aprendizaxe funcional, que se fai facendo.
- Competencia cívicas (CC). O noso alumnado vive en comunidade e interactúa con iguais e adultos. Traballaremos a través de metodoloxías de traballo entre iguais e cooperativo; colaborando en actividades sociais da nosa contorna; na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa (nas titorías, o mediador, charlas de persoas externas ao centro), charlas sobre temáticas diversas para as familias...
- Competencia emprendedora (CE). O alumnado, a medida que crece e mais participe na vida do centro. Xuntas de delegados, axudantes de biblioteca, axudantes da recollida de papel, colaboradores de préstamos de xogos nos patios ou axudantes para a explicación de patios, creación de contos para ler e contar aos máis pequenos, exposición dos produtos finais do PDI, charlas dos nenos/as maiores sobre diversos aspectos ao alumnado máis pequeno...
- Conciencia e expresións culturais (CCEC) Exposición no centro de traballos plásticos, textos orais, escritos e musicais de tradición histórica. Radio no cole. Traballos sobre a tradición histórica e cultural da zona para realizar exposicións e favorecer a educación intercultural.

Potenciaremos o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

C. OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

1. EDUCACIÓN INFANTIL

A nosa metodoloxía da resposta á visión de cada un dos nenos e nenas como **"único"**, nas súas características, no seu bagaxe, nos seus intereses, nas súas capacidades. A diversidade do alumnado como punto de partida, dando respostas adaptadas e personalizadas.

Acollida afectuosa cara das nenas e dos nenos, o contacto físico e a atención plena por parte das persoas adultas de referencia, como requisitos básicos para a

construción dun vínculo de apego que permita establecer interaccións positivas que aporten **seguridade e confianza**.

Para favorecer a adaptación dos pequenos á escola, no período de adaptación convidamos aos pais a entrar nas aulas participando das actividades da aula e así facilitar a adaptación dos pequenos.

Enfoque globalizado e deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas que os leven a **aprendizaxes significativos e funcionais. Dende o uso de materiais manipulativos e actividades de carácter lúdico.**

Organización e xestión flexible dos **tempos e espazos** respectando os intereses, ritmos e particularidades das nenas e dos nenos.

O deseño de **situacións de aprendizaxe** nas que as nenas e os nenos poidan empregar asiduamente os elementos básicos da comunicación oral, como a escoita atenta, o establecemento de quendas, darlle coherencia a un discurso, servir á secuenciación das propias accións, empregar formulas sociais de cortesía, xerar ideas, modelar a conduta, facer propostas ou expresar opcións e defendelas, entre outras.

A **inmersión na lingua escrita** que, desde a chegada á escola, aproveite a elevada motivación das nenas e dos nenos sobre os distintos códigos e mensaxes xa presentes na súa vida cotiá, poñendo énfase no seu aspecto funcional para a comunicación e aproximándose, progresivamente, aos elementos que rexen a lingua escrita convencional, como a diferenciación entre imaxe e grafema, a organización do espazo gráfico, a linealidade ou a direccionalidade.

O **emprego de diferentes linguas**, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea. O uso normalizado da **lingua galega** nos diversos ámbitos e situacións como medio para garantir o seu coñecemento práctico e axeitado ao remate do ensino obrigatorio.

A participación en **xogos e actividades psicomotrices** en que se propicien as interaccións, favorecendo o desenvolvemento da empatía e da resiliencia, o que levará a unha aceptación construtiva tanto dos logros coma dos erros e a unha valoración do esforzo, da constancia e da iniciativa, desenvolvendo deste xeito todas as potencialidades das nenas e dos nenos.

A planificación de situacións de aprendizaxe que fomenten o **consumo responsable e sostible**, así como a promoción da saúde.

O deseño de situacións que faciliten a aplicación das habilidades do **pensamento** e que axuden o alumnado a superar situacións problemáticas de xeito creativo e orixinal, mellorando a súa autonomía e favorecendo a comprensión do erro como parte da aprendizaxe e fonte de información, sempre desde un enfoque coeducativo e posibilitando situacións que favorezan a expresión asertiva e a escoita activa das emocións, propias e alleas.

2. EDUCACIÓN PRIMARIA

Os temas transversais traballaranse no día a día da aula mediante os proxectos desenvolto, así como na PDI elixida polo centro. Dado que se realizarán grupos de traballo, xurdirán situacións nas que se resolverán conflitos e se abordarán temas que nos permitan traballar dunha forma significativa e cercana estes temas transversais.

Como aparece no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, hai elementos transversais que deberán tratarse en todas as áreas, sen prexuízo de que teñan un tratamento específico nalgunha delas.

Eses elementos transversais son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual e TIC.
- Educación emocional e valores.
- Fomento da creatividade e do espírito científico.
- Educación para a paz.
- Educación para a igualdade.
- Educación para a saúde.
- Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

Estes valores teranse en conta durante toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos, de seleccionar estratexias que permitan o traballo en equipo e a colaboración. Algunhas estratexias a utilizar serán asembleas, diálogos, dramatizacións, entramento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores.

Ademais, terase en conta a importancia de colaborar coas familias a través das titorías para que estes elementos transversais se consideren importantes tamén na casa e asegurar a coherencia entre familia e escola.

D. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA

O conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A metodoloxía seleccionada axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, secuenciando o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.

Partirase do principio de **diversidade** do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa **resolución de problemas en contextos da vida real**.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica un papel do alumno/a activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Favorecerase a motivación por aprender xerando a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores, axudándolles a comprender o que aprenden, saber para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe empregarase unha **metodoloxía activa** e contextualizada. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

Para isto apoiáronos en estruturas de **aprendizaxe cooperativa**, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

O **traballo por proxectos**, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

Realización de **tarefas de aprendizaxe integradas** que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, novas tecnoloxías, consumo) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades que se presenten.

Emprego da biblioteca escolar como fonte de aprendizaxe e de recursos o que permite o uso de metodoloxías que partan dun enfoque globalizador e interdisciplinar baseado nunha aprendizaxe competencial conectando contidos e abordando así os diferentes elementos transversais.

O desenvolvemento de **actitudes positivas** respecto ao benestar persoal, social e físico, así como da capacidade de respectar a diversidade. Potenciaranse actividades que axuden a descubrir e tomar consciencia da necesidade de coidar o propio corpo, recoñecendo aqueles factores que prexudican a nosa saúde física e mental e incidindo nos hábitos saudables.

Integración das **tecnoloxías dixitais** e as contornas virtuais de aprendizaxe no proceso formativo do alumnado facendo un uso seguro, crítico e responsable xa dende idades temperás.

Elaboraranse e seleccionaranse materiais e **recursos didácticos adaptados** aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Finalmente, é necesaria unha adecuada **coordinación entre os docentes** sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexiónadas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

Cabe salientar o **currículo integrado das linguas** que propón un acercamento global ás linguas do currículo en contraposición á idea de que cada lingua representa unha materia diferente sen ningunha vinculación entre elas. Este enfoque supón traballar as linguas presentes nun centro escolar a través de accións educativas coordinadas. O obxectivo é unha aprendizaxe mais eficaz, pois intenta traballar de forma ordenada e gradual os distintos aspectos das linguas.

Teranse en conta os apartados que configuran os bloques de contido esenciais: escoitar, falar, dialogar, escribir e ler. Partiremos da oralidade en Educación infantil traballando gradualmente en todas as linguas as distintas destrezas lingüísticas.

A lectura e a escritura os consideramos, no noso centro, fundamentais para o desenvolvemento das competencias clave; para o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora e expresión escrita de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato o centro conta cun Proxecto Lector que, partindo da necesidade de formar lectores e escritores competentes vertebra todas as actuacións do centro en torno ao proceso lector e escritor do noso alumnado dun xeito significativo e funcional.

Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, dentro do horario do centro contéplase o programa de **lectura silenciosa compartida** 20 minutos despois do recreo todos os días. Neste curso integraremos pouco a pouco a **práctica oratoria** nos distintos niveis ata convertilo tamén nunha actividade fixa diaria no noso centro. Traballaranse actividades e dinámicas enfocadas a conseguir o reto de que o noso alumnado sexa competente á hora de falar en público con actividades como:

- Entrenamento da voz. Vocalización.
- Recitado de poesías, trabalinguas...
- Coñecemento de destrezas para falar en público.
- Lecturas en voz alta.
- Exercicios para aprender a escoitar.
- Representacións teatrais.
- Xogos para aumentar o vocabulario.

Outro eixo fundamental do noso centro é a **función titorial**, como o primeiro nivel de orientación, con actuacións realizadas polo profesorado para desenvolver ao longo do curso unha educación integral e personalizada. Entendemos a aprendizaxe como construción persoal, unha actividade interna do alumno pola cual as súas concepcións previas entran en conflito e cambian para dar lugar a novas realidades progresivamente complexas.

Cando aprendemos construímos a realidade interactuando cun conxunto de elementos que compoñen o ambiente de aprendizaxe: mestres, compañeiros, materiais, actividades e aspectos institucionais.

Por iso, aprender é unha construción social e non só persoal que compromete todos os aspectos da personalidade: pensamento, hábitos, actitudes e valores, capacidade de relación persoal, a motivación e a propia personalidade.

A función titorial non é entón algo complementario, senón o resultado dunha mellor calidade da ensinanza, no sentido de mellor axuste ás necesidades educativas do

alumnado e á súa heteroxeneidade natural e traballaremos en todos os seus ámbitos: ensinar a pensar, ensinar a ser e a convivir.

Para desenvolver os obxectivos da labor titorial temos o Plan de orientación, o Plan de Acción titorial e o Plan de bienestar emocional do centro que desenvolven as actuacións a realizar.

Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares.

O uso de distintos procedementos e instrumentos variados (rúbricas, rexistros anecdóticos, listas de cotexo, portafolios, probas orais...), que permitirá unha avaliación obxectiva da totalidade do alumnado.

E. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

De tal modo, establécense criterios ou directrices xerais que perfilan a análise á adecuación ao contexto educativo do centro:

- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- Contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.

Para materiais impresos ou elaborados polos mestres/as:

- Parten dos coñecementos previos do alumnado.
- Aseguran a realización de aprendizaxes significativas.
- Espertan a motivación cara ao estudo e aprendizaxe.
- Potencian o uso das técnicas de traballo intelectual.

- Permiten a atención á diversidade.

Para a elección de materiais manipulativos tamén seguiremos estes criterios:

- Estean adaptados ás normas de seguridade europeas.
- Que non sexan discriminatorios.
- Que permitan o uso comunitario dos mesmos.
- Que non degraden o medio ambiente.
- Que sexan apropiados aos alumnos que van dirixidos.
- Favorecedores do desenvolvemento das capacidades das distintas áreas.

Respecto aos materiais audiovisuais e tecnolóxicos:

- Deberán ter informacións exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos expresaranse con claridade.
- A linguaxe e imaxes estarán adaptadas ao nivel.
- As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ás aprendizaxes.
- Son seguros e avalados polo Plan de dixitalización da Consellería.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

- O/a mestre/a titor/a.
- Os mestres/as especialistas.
- Profesorado de apoio con liberación horaria.
- Departamento de Orientación, (mestre/as Arco e Proa+, Acompáñame).
- Os/as propios/as alumnos/as e as súas familias.
- Comunidade educativa.

F. OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO

G. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O centro dispón dun plan de actividades que se entrega no primeiro día de setembro ao profesorado para valorar en ciclos e facer os cambios oportunos. Estes cambios valóranse na CCP e apróbanse no claustro e consello, quedando fixada a súa concreción na PXA.

As actividades complementarias do centro poden dividirse en tres tipos:

- Actividades complementarias fixas que se levan facendo durante anos no centro referidas a conmemoracións, festas ou actividades interesantes que se celebran en horario lectivo dentro do centro (magosto, samaín, nadal, elección de delegados, charlas da garda civil sobre a seguridade en internet...)

- Actividades complementarias que afondan nos plans do centro anuais como os Proxecta, Contratos Programa.. (carreira Enki, xogos do magosto, charlas primeiros auxilios...)
- Actividades complementarias que supoñen desprazamentos fora do centro e son organizadas pola persoa coordinadora do equipo EACE en colaboración coa xefatura de estudos, coas aportacións dos ciclos e a CCP. Estas actividades están dentro do Plan de saídas de centro que se concreta anualmente e forma parte da PXA.

Os criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado son:

- Serán actividades relacionadas cos contidos de área ou elementos transversais.
- Actividades relacionadas co establecido no currículo como conmemoracións a traballar, así como na orde de calendario escolar.
- Actividades que reforzan os aspectos do currículo que consideramos máis interesantes.
- Aproveitarase a oferta de actividades culturais e didácticas para complementar a formación do alumnado e cumprir coa función compensatoria que debe ter a escola.
- Atenderase a que sexan pouco gravosas economicamente e que teñan sempre un fin didáctico.
- Todas as actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia a tolerancia e o respecto.
- Distribuiranse ao longo do curso escolar de xeito que teñan unha presenza equilibrada.
- Considerarase a organización de recursos humanos do centro para que todo o alumnado teña o apoio que precisa.
- No caso de actividades que requiren desprazamentos fora do centro precisarase a autorización por parte dos/as país/nais e/ou titores/as legais.

Cando algún ciclo, nivel ou mestre propón algunha concreción ou organización para algunha delas o plan a seguir é o seguinte:

- O mestre/nivel/ciclo propón á xefatura de estudos a actividade, data probable, alumnado implicado e recursos que se precisarán.
- A xefatura de estudos valora xunto ao equipo directivo a idoneidade da actividade e faise a proposta na seguinte CCP para validar a actividade e poder presentarse aos ciclos na vindeira reunión.

Todas as actividades considéranse positivas para o desenvolvemento do alumnado dado o seu carácter didáctico e motivacional, polo que se algunha actividade supón un custo económico, que algunha familia no puidese afrontar, buscarase unha solución para que o alumno ou alumna poidan participar.

H. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO.

Conforme ao desenvolvemento e criterios da nosa PXDA

REFORZO EDUCATIVO	
TIPO DE MEDIDA	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinaria. • Non significativa.
TIPO DE ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> • Dirixida ao alumnado que pode seguir o proceso ordinario de ensino- aprendizaxe coa axuda proporcionada polo reforzo educativo.
TIPO DE MODIFICACIÓNS. AFECTA A.....	<ul style="list-style-type: none"> • Elementos non prescritivos do currículo: <ul style="list-style-type: none"> • Secuencias de contidos. • Formas e instrumentos de avaliación. • Organización da aula. • Agrupamentos de alumnado. • Outros aspectos metodolóxicos.
RESPONSABLES DA ELABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Profesor/a área/materia coa colaboración do titor/a e profesorado de apoio, se é o caso, co asesoramento do Departamento de Orientación.
DOCUMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Informe individual final de curso sobre as medidas de RE • Información ás familias
PROCESO DE ELABORACIÓN	<p>O profesor/a área/materia, previa información ao titor/a e co asesoramento do Departamento de Orientación, elabora o Documento de Reforzo Educativo (proposta individualizada).</p> <p>No remate de curso recollerase a valoración da medida no documento pertinente (doc. de reforzo) e no Informe individual final de curso das medidas de RE.</p>
DESENVOLVEMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • Contexto ordinario. • Excepcionalmente coa colaboración doutros profesionais.
REFERENTE PARA A ELABORACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Obxectivos de cada área ou materia.
AUTORIZACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Non se necesita.
COMUNÍCASE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecemento do titor/a. 2. Comunicación Equipo Directivo. 3. Comunicación á familia .
REXISTRO	<ul style="list-style-type: none"> • Expediente académico. • Documentos oficiais de avaliación do alumnado. • Informe á familia.
DURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • En consonancia coas necesidades educativas que presenta o alumnado.
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Seguindo os criterios de avaliación individualizada establecidos previamente. • Para efectos de promoción: referente obxectivos de ciclo/etapa establecidos na Programación Docente.
REVISIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Periodicamente, xa que ten carácter revisable e reversible. • De forma continua para corrixir posibles desaxustes.

I. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO DE SER O CASO.

A permanencia dun ano máis no ciclo só se poderá levar a cabo unha vez ao longo da etapa educativa e terá que ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo.

O plan específico de reforzo recollerá estes aspectos, conforme aos recollidos na PXDA:

- Relación de necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

J. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.

A avaliación do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

A avaliación será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

SESIÓNS DE AVALIACIÓN.

Ao longo do curso realizaranse, cando menos, tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. A derradeira destas sesións deberá coincidir coa avaliación final e terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

As sesións de avaliación estarán coordinadas pola persoa titora. Asistirán a ditas sesións, ademais da persoa titora os/as diferentes mestres/as especialistas que imparten clase no grupo, o/a xefe/a do departamento de orientación e o/a xefe/a de estudos.

As reunións de avaliación realizaranse unha por trimestre (a última fora do curso lectivo), nas datas fixadas na PXA. Previamente ás sesións de avaliación cada mestre/a inserirá as notas en XADE para poder elaborar a acta provisional correspondente ao grupo de alumnado. A xefatura de estudos convocará as sesións de avaliación que presidirá a persoa titora e nas que se:

- Contrastarán as dúbidas en relación coas cualificacións de cada casos.
- Analizarán os casos do alumnado que presenta maiores dificultades de aprendizaxe e proporanse medidas de mellora.
- Tratarán todos aqueles temas que poidan afectar ao desenvolvemento académico e persoal do alumnado e que o equipo docente deba ter en conta para unha mellor atención educativa do mesmo.
- A persoa titora levantará acta da sesión.

As actas de avaliación final asinadas pola persoa titora e co visto e prace da dirección serán enviadas á inspección quedando unha copia arquivada na secretaría do centro.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os resultados da avaliación das áreas expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación (tempos, espazos, organización), de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación serán os establecidos na dita adaptación, sen que iso poda impedirle a promoción ao curso ou etapa seguinte.

Cando as circunstancias persoais do alumnado con necesidades educativas especiais o aconsellen, poderán prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias permanentes ou transitorias deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

Os criterios de cualificación das distintas áreas figuran nas táboas seguintes.



LINGUA CASTELÁ							
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Comunicación oral	10%	10%	10%	10%	10%	10%	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistro anecdótico. - Escalas de observación. - Asembleas. - Intercambios orais. - Exposición dun tema. - Producións orais. - Probas de comprensión. - Análise de producións. - Probas obxectivas. - Caderno de clase. - Autoavaliación. - Coavaliación.
Lectura	40%	40%	40%	40%	40%	40%	
Escritura	30%	30%	30%	30%	30%	30%	
Educación literaria	10%	10%	10%	10%	10%	10%	
Coñecemento da lingua	10%	10%	10%	10%	10%	10%	



LINGUA GALEGA							
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Comunicación oral	10%	10%	10%	10%	10%	10%	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistro anecdótico. - Escalas de observación. - Asembleas. - Intercambios orais. - Exposición dun tema. - Producións orais. - Probas de comprensión. - Análise de producións. - Probas obxectivas. - Caderno de clase. - Autoavaliación. - Coavaliación.
Lectura	40%	40%	40%	40%	40%	40%	
Escritura	30%	30%	30%	30%	30%	30%	
Educación literaria	10%	10%	10%	10%	10%	10%	
Coñecemento da lingua	10%	10%	10%	10%	10%	10%	



MATEMÁTICAS							
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Procesos, métodos e actitudes	30%	30%	30%	30%	30%	35%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Análise de producións: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, cadernos de clase, textos escritos... - Intercambios orais: diálogo, postas en común, asemblea... - Probas específicas. - Autoavaliación. - Coavaliación.
Números	30%	30%	30%	30%	30%	35%	
Medidas	20%	20%	20%	20%	20%	10%	
Xeometría	10%	10%	10%	10%	10%	10%	
Probabilidade e estadística	10%	10%	10%	10%	10%	10%	



CIENCIAS SOCIAIS							
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Ciencia e tecnoloxía	50%	50%	60%	60%	70%	70%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Análise de producións: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, cadernos de clase, textos escritos, análise de fabricación de aparellos... - Intercambios orais: diálogo, postas en común, asemblea... - Probas específicas. - Autoavaliación. - Coavaliación.
O mundo e o desenvolvemento sostible	50%	50%	40%	40%	30%	30%	
Vivir en sociedade							
Leccións do pasado							



CIENCIAS DA NATUREZA								
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN		VALORACIÓN EN CADA NIVEL					CRITERIOS AVALIACIÓN	
		1º	2º	3º	4º	5º		6º
Cultura científica, tecnoloxía e dixitalización.		40%	40%	60%	60%	60%	60%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Análise de producións: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, cadernos de clase, textos escritos, análise de fabricación de aparellos... - Intercambios orais: diálogo, postas en común, asemblea... - Probas específicas. - Autoavaliación. - Coavaliación.
A vida no noso planeta	O ser humano e a saúde							
	Os seres vivos	60%	60%	40%	40%	40%	40%	
Materia, forza e enerxía								



EDUCACIÓN FÍSICA							CRITERIOS AVALIACIÓN
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Vida activa e saudable	20%	20%	20%	20%	20%	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Listas de control. - Rexistro anecdótico. - Rúbricas.
Organización e xestión da actividade física	10%	10%	15%	15%	15%	15%	
Resolución de problemas en situacións motrices	40%	40%	30%	30%	25%	25%	
Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	15%	15%	15%	15%	20%	20%	
Manifestacións da cultura motriz	5%	5%	10%	10%	10%	10%	
Interacción eficiente e sustentable coa contorna	10%	10%	10%	10%	10%	10%	



EDUCACIÓN MUSICAL							
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Percepción e análise	27%	27%	27%	27%	27%	27%	<ul style="list-style-type: none"> - Táboa de indicadores. - Intercambios e análise das producións orais e escritas. - Interpretación e creación vocal. - Interpretación e creación instrumental. - Interpretación e creación corporal e danza.
Creación e interpretación	33%	33%	33%	33%	33%	33%	
Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	20%	20%	20%	20%	20%	20%	
Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación	20%	20%	20%	20%	20%	20%	



LINGUA ESTRANXEIRA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Comunicación	60%	60%	40%	40%	50%	50%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Caderno de traballo, worksheets, libro dixital... - Lecturas traballadas na aula. - Traballo individuais e grupais. - Presentacións orais e escritas. - Observación actitude positiva e interese. - Probas específicas.
Plurilingüismo	20%	20%	40%	40%	20%	20%	
Interculturalidade	20%	20%	20%	20%	30%	30%	



VALORES CÍVICOS E ÉTICOS (6º DE PRIMARIA)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL	CRITERIOS AVALIACIÓN
	6º	
Autocoñecemento e autonomía moral	30%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Análise de producións. - Intercambios orais. - Autoavaliación. - Coavaliación.
Sociedade, xustiza e democracia	40%	
Desenvolvemento sostible e ética ambiental	30%	



PROXECTO COMPETENCIAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Definición de proxectos	30%	30%	30%	30%	30%	30%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Análise de producións do alumnado. - Intercambios orais: diálogo, postas en común, asemblea...
Execución de proxectos	40%	40%	40%	40%	40%	40%	
Presentación de proxectos	30%	30%	30%	30%	30%	30%	



ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Educación plástica e visual: percepción e análise	25%	25%	25%	25%	25%	25%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Rexistro anecdótico persoal. - Producións artísticas. - Intercambios orais.
Educación plástica e visual: creación e interpretación	25%	25%	25%	25%	25%	25%	
Educación audiovisual: percepción e análise	25%	25%	25%	25%	25%	25%	
Educación audiovisual: creación e interpretación	25%	25%	25%	25%	25%	25%	



RELIXIÓN CATÓLICA							
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA NIVEL						CRITERIOS AVALIACIÓN
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Compromiso coa natureza	25%	25%	25%	25%	25%	25%	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de observación. - Grao de participación nas actividades. - Análise das producións do alumnado.
A igualdade	25%	25%	25%	25%	25%	25%	
O amor e a paz como valor cristián	25%	25%	25%	25%	25%	25%	
As grandes festas relixiosas e manifestacións artísticas	25%	25%	25%	25%	25%	25%	

CRITERIOS DE PROMOCIÓN:

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa de Ed. Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada polo equipo docente, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor e as orientación do Departamento de Orientación. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos e o grado de adquisición das competencias clave correspondentes.

Con independencia das materias superadas, un alumno/a non promocionará sen ter acadado un grao de desenvolvemento axeitado na competencia lingüística e na competencia matemática.

De xeito excepcional, poderase decidir a promoción dunha alumna ou alumno, se cumpre algún dos seguintes criterios.

- Que o/a alumno/a ten expectativas favorables de recuperación debido á mellora das súas circunstancias persoais (grao de madurez, situación familiar, traslados, incorporación tardía...)
- Que a promoción beneficiará a súa evolución integral.
- Que o equipo docente considere as especiais circunstancias derivadas da condición de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que pasa a formar parte.

O alumnado que alcance a promoción do curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para reforzar os aprendizaxes que non alcanzase no curso anterior.

A permanencia un ano máis no curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

PARTICIPACIÓN E INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

A persoa titora manterá, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado, as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

A información recollida da avaliación continua trasladarase ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais nun informe que analizará os progresos realizados polas alumnas e polos alumnos e incluírá as cualificacións de cada área, como mínimo, en cada avaliación. Entre esa información constará, cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

O informe da avaliación final incluírá, ademais, o resultado de avaliación das competencias clave. Este informe poderá substituír o informe da última avaliación parcial.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción, colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

K. OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO.

L. AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

A través das programacións didácticas de cada unha das áreas ou materias, desenvolveranse os currículos das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Ditas programacións didácticas rexiranse polas decisión e criterios establecidos nesta contreción curricular, e tendo en conta o disposto nos diferentes regulamentos orgánicos.

A partir do curso académico 23/24, todos os cursos elaborarán as programacións a través da plataforma PROENS.

Decisións e criterios:

- O profesorado de cada nivel coordinarase para a realización da programación.
- Terase en conta as características de cada grupo e os recursos do entorno máis próximo na elaboración do documento.
- Contemplantase os diferentes proxectos de centro para incluílos, de ser o caso, nas programacións.
- Revisarase polo equipo de ciclo cunha periodicidade mensual a través da aplicación PROENS deixando constancia a través das actas de reunión. Esta aplicación tamén se empregará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da inspección educativa. O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación.
- As programacións didácticas faranse públicas na páxina web do centro para facilitar o seu coñecemento a toda a comunidade educativa.

O modelo establecido na plataforma PROENS será o de referencia á hora de realizar as programacións didácticas, tal e como recolle o marco legislativo curricular, que establece que as programacións didácticas incurrán como mínimo os seguintes aspectos:

A) Introducción.

B) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

C) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, con súa secuenciación e temporalización.

D) Metodoloxía. Concrecións metodolóxicas. Materiais e recursos didácticos.

E) Avaliación: Procedemento para a avaliación inicial. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

F) Medidas de atención á diversidade.

G) Transversalidade. Concreción dos elementos transversais. Actividades complementarias.

H) Práctica docente. Procedemento para a avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

M. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

Criterios para a participación en proxectos, plans e programas:

- Análise da situación do centro e adaptación ao contexto educativo.
- Continuidade nos proxectos e programas iniciados, gañando estabilidade.
- Mellora no nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado, sobre todo a competencia de comunicación lingüística.
- Que contribúan ao benestar persoal e social do alumnado.
- Que permitan manter e afondar no uso de metodoloxías activas e no traballo por tarefas/proxectos.
- Actuacións encamiñadas a promover a igualdade e a convivencia implicando a toda a comunidade educativa.
- Que permitan mellorar a competencia profesional no uso de ferramentas dixitais de ensino-aprendizaxe

N. O PROCESO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

- Nas reunións de ciclo farase un seguimento e revisión da concreción curricular, sendo o coordinador de ciclo o responsable de formular as propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas a súa modificación.
- Posta en común na comisión de coordinación pedagóxica, que se encargará da súa redacción.
- A concreción curricular e as súas modificacións anuais serán aprobadas polo Claustro.

O. OUTROS APARTADOS